



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Literatura infantil e a súa didáctica		Código	652G01024
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es	
Profesorado	Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende proporcionarlle ao alumnado unha formación básica sobre a literatura infantil e as estratexias didácticas para a introducir na escola, tanto desde a aula como desde a biblioteca escolar.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
A11	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar.
A12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
A42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A43	Favorecer as capacidades da fala e da escritura.
A44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.



A46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
A54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
A55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
A57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B19	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a tradición oral e o folclore.	A45		
Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e o seu ensino.	A47		



Coñecer e utilizar correctamente recursos de animación á lectura.	A1 A2 A4 A6 A10 A12 A13 A19 A21 A23 A28 A29 A30 A41 A42 A43 A44 A45 A49 A50 A51 A55 A57	B1 B3 B4 B5 B6 B11 B12 B15 B19 B24 B25	C1 C4 C7 C8
Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.	A51		
Achegarse á evolución e ás características fundamentais da literatura infantil no mundo occidental, no ámbito estatal e en Galiza	A13 A37 A45 A51	B10 B11 B12 B19 B20 B24	C1
Comprender a evolución histórica do concepto de literatura infantil, as particularidades do proceso de comunicación que se xera arredor da literatura con destinatario infantil e os debates arredor do canon literario.	A37	B10 B11 B12 B19 B22	C1



Coñecer os principais xéneros da literatura infantil e saber deseñar estratexias didácticas para o seu traballo na aula.	A1 A4 A6 A10 A12 A13 A22 A23 A28 A29 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A50 A51 A54 A55 A57	B3 B4 B5 B11 B12 B15 B17 B19	C1
Identificar as características da biblioteca escolar e coñecer experiencias de innovación xurdidas a partir desta	A10 A11 A12 A13 A28 A41 A42 A43 A47 A50 A51		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Que é a literatura infantil?	1.1. A evolución do concepto de literatura infantil 1.2. A literatura infantil como campo literario específico 1.3. A literatura infantil e a polémica do canon
2. Orixes e desenvolvemento da literatura infantil	2.1. A literatura infantil no mundo occidental 2.2. A literatura infantil no ámbito estatal 2.3. A literatura infantil galega



3. Introducción aos principais xéneros e a súa didáctica	3.1. A poesía 3.1.1. O cancionero infantil de tradición oral 3.1.2. A poesía de autor para nenos e nenas 3.2. A narrativa 3.2.1. O conto de tradición oral 3.2.2. O álbum ilustrado 3.2.3. O libro-xogo e o álbum sen palabras 3.3. O teatro 3.3.1. A dramatización escolar 3.3.2. Os espectáculos teatrais para nenos e nenas
4. A biblioteca escolar e a animación á lectura	4.1. Como se crea unha biblioteca escolar 4.2. Experiencias de innovación docente arredor da biblioteca escolar 4.3. O pracer do texto: máis estratexias de animación á lectura

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	18	18	36
Presentación oral	2	4	6
Traballos tutelados	0	20	20
Sesión maxistral	24	24	48
Proba de ensaio	1	20	21
Lecturas	0	16	16
Atención personalizada	3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Resolución de tarefas prácticas a través de diversas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc.), co apoio e supervisión do profesorado.
Presentación oral	Exposición na clase do traballo tutelado.
Traballos tutelados	Traballo en grupo consistente na investigación sobre algún dos contidos do programa, no deseño dunha proposta didáctica ou na valoración crítica dunha experiencia relacionada coa literatura infantil.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesorado.
Proba de ensaio	Proba consistente en preguntas de certa amplitude, na que se valora o coñecemento dos contidos, a capacidade de razoamento e o espírito crítico.
Lecturas	Lectura de obras ou fragmentos seleccionados de obras de literatura infantil.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	A organización en grupos pequenos das sesións interactivas permitirá ao profesorado trabar coñecemento co alumnado e facer o seguimento dos seus progresos. As titorías constituirán, así mesmo, un espazo para a consulta e a resolución de diferentes dificultades que poidan xurdirlle a cada grupo ou alumno/a na elaboración do traballo tutelado.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	Traballo en grupo e presentación oral do mesmo. A tarefa poderá consistir nun proxecto de investigación sobre algún dos contidos do programa, no deseño dunha proposta didáctica ou na valoración crítica dunha experiencia relacionada coa literatura infantil. Terase en conta a capacidade para seleccionar fontes bibliográficas de calidade, contrastar información e elaborar un discurso claro e correcto desde o punto de vista expresivo. Dependendo do tipo de traballo polo que se opte, valorarase tamén a orixinalidade na esolla do tema e a creatividade no desenvolvemento da proposta.	50
Proba de ensaio	Proba consistente en preguntas de certa amplitude, na que se valora o coñecemento dos contidos, a capacidade de síntese, a claridade expositiva e a corrección expresiva.	50

### Observacións avaliación

Para superar a materia será preciso ter aprobadas as dúas partes. No caso de ter unha parte aprobada e outra suspensa, gardarase o aprobado para a oportunidade de xullo.

Os grupos deberán estar formados por un mínimo de catro persoas. Aquelas persoas que non constitúan grupo ou non asistan regularmente ás clases serán avaliadas unicamente a través da proba de ensaio, que suporá o 100% da cualificación.

### Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías